

**ACORDOS**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DIA 29 DE MARZO DE 2016**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día vinte e nove de marzo de dous mil seis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1. APROBACION ACTA DA SESION ANTERIOR. -
2. ESCRITOS OFICIAIS.-
3. SOLICITUDE DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA. -
4. DESAFECTACION DUN TRAMO DE CAMIÑO PUBLICO EN CROTO A GUILLUFE E INICIO PROCESO ALLEAMENTO MEDIANTE ADXUDICACION DIRECTA.-
5. CLASIFICACION E REQUERIMENTO DOCUMENTACION PARA ADXUDICACION LICENZA TAXI.-
6. COMUNICACION PREVIA DE TRANSMISIÓN DE CAFE BAR SITO EN TABLILLA - BARDAOS A FAVOR DE M. S.D.R..-
7. CIRCULAR DA DEPUTACION PROVINCIAL SOBRE CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUIDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVICIOS 2016. -
8. RECLAMACION PREVIA.-
9. APROBACION PRESUPOSTO DE TECNOSOS GALICIA, S.L..-
10. VIAQUA: APROBACION DE PARTE DE TRABALLO E SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
11. DESIGNACION DE AVOGADO PROCURADOR.-
12. BOLSA AXUDA A DOMICILIO.-
13. SOLICITUDE DE AXUDA A CONSELLERIA DE POLITICA SOCIAL PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS COMUNITARIOS MUNICIPAIS.-
14. APROBACIÓN DE FACTURAS.-
15. CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA ANUALIDADE 2016.-
16. ROGOS E PREGUNTAS.-

**1. APROBACION ACTA DA SESION ANTERIOR. –**

É aprobada a acta da sesión anterior nº 5/2016 que tivo lugar o 29.03.2016.

## **2. ESCRITOS OFICIAIS.-**

Non se presentan.

## **3. SOLICITUDE DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA. –**

Acordos adoptados:

1. Solicitar unha axuda para o programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia da Coruña anualidade 2016, para a contratación de 2 socorristas por contratación directa por un prazo do 16 de xuño ao 15 de setembro do presente ano.

## **4. DESAFECTACION DUN TRAMO DE CAMIÑO PUBLICO EN CROTO A GUILLUFE E INICIO PROCESO ALLEAMENTO MEDIANTE ADXUDICACION DIRECTA.-**

Acordos adoptados:

Primeiro. Alterar a cualificación xurídica do ben descrito como "tramo de camiño público de corto a Guillufe, dunha superficie aproximada de 900 m<sup>2</sup>, que dá accesos ás fincas denominadas Chousa do Campo nº XXX e Espiño do Can nº XXXXX (fracción da finca nº XXX) do Plano de concentración parcelaria de Gorgullos", pasando a ser ben patrimonial logo do expediente da súa razón.

Segundo.- Reflexar na rectificación anual do Libro Inventario de Bens do Concello a alteración da cualificación xurídica que sufriu o ben e realizar o acto de recepción formal do ben que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de bens das entidades locais.

Terceiro.- Iniciar o procedemento de alleamento do mencionado ben, mediante adxudicación directa, e a tal fin que se redacte o correspondente prego de condicións que rexerá o proceso de adxudicación.

Cuarto.- Dar conta de todo o actuado á Xunta de Goberno Local para que resolva o que proceda.

## **5. CLASIFICACION E REQUERIMENTO DOCUMENTACION PARA ADXUDICACION LICENZA TAXI.-**

Acordos adoptados:

Primeiro.- Clasificar a única proposición presentada e que figura a nome o licitador don J.M.G.R., segundo proposta levada a cabo pola mesa de contratación .

Segundo.- De conformidade co establecido na cláusula Décimo primeira que rexe o prego de cláusulas administrativas, que se lle notifique e se lle requira a don J.M.G.R. para que presente no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel no que reciba o requerimento, a fin de que presente a documentación xustificativa de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispar efectivamente dos medios que se

comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, póliza en vigor do seguro de responsabilidade civil polos danos que poidera ocasionar no transcurso do servizo , nos termos establecidos na normativa vixente, e xustificante bancario do ingreso na conta do Concello de Tordoia do abono do canon ofertado.

#### **6. COMUNICACION PREVIA DE TRANSMISIÓN DE CAFE BAR SITO EN TABLILLA, 23 - BARDAOS A FAVOR DE M.S.D.R..-**

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a transmisión da dita licenza a favor de dona M.S.D.R., para desenvolver a actividade de cafe - bar en Tablilla - Bardaos, coa denominación comercial de "GOLAN".

Segundo .- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenzas actividade.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adquirent e.

#### **7. CIRCULAR DA DEPUTACION PROVINCIAL SOBRE CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUIDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVICIOS 2016. –**

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. Que a interventora emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os efectos de determinar o órgano competente para contratar .

SEGUNDO. Que Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir.

#### **8. RECLAMACION PREVIA.-**

O señor alcalde da conta do escrito de dona C.S.P., en relación a reclamación previa á vía xurisdiccional social para que se recoñeza o dereito a incluír na oferta pública de emprego publicada no DOG nº 26 do martes, 9 de febreiro de 2016 .

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por enterados

#### **9. APROBACION PRESUPUESTO DE TECNOSOS GALICIA, S.L..-**

Acordos adoptados:

1º Aprobar o presuposto presentado pola empresa TECNOSOS GALICIA, S.L., que ten por obxecto establecer as condicións técnico-económicas para a execución do mantemento preventivo dos equipos instalados na sala de caldeiras situada no C.P.I. PECALAMA, por un

importe de 1481,00€ IVA non incluído, facendo 7 revisións anuais (de outubro - abril) con servizo de día, fins de semana e festivos (excepto o 1 de xaneiro e o 25 de decembro)

#### **10. VIAQUA: APROBACION DE PARTE DE TRABAJO E SOLICITUDE DE ALTA NO SERVICIO MUNICIPAL DE AUGAS.-**

Acordos adoptados:

Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipal, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do Servizo municipal de augas.

#### **11. DESIGNACION DE ABOGADO PROCURADOR.-**

Primeiro: que o Concello de Tordoia (A Coruña) inicie tódalas xestións e accións, xudiciais e extraxudiciais, necesarias e convintes para a defensa dos seus lexítimos intereses fronte á entidade financeira BBVA en relación coa resolución e cancelación dos préstamos núm 95/4521XXXX e núm. 95/4521XXXX, suscritos, ambos, en data de 08/05/2007 e xunto con tódalas consecuencias xurídicas que podan derivarse, directa ou indirectamente, da divandita resolución e cancelación, incluída á impugnación e anulación, no seu caso, de eventuais produtos financeiros complexos e/ou derivados asociados a aqueles.

Segundo: encomendar a defensa dos referidos lexítimos intereses do Concello de Tordoia ós avogados en exercicio J.R.F.M. (ICACOR núm. XXX) e G.F.F.L. (ICAM núm. XXXXXX), e a representación procesal, no seu caso, ós Procuradores de Santiago de Compostela R.G.M. e S.S.S..

Así, confierese poder de representación, tam amplo e bastante en Dereito como sexa necesario, a favor dos indicados avogados e procuradores, coas facultades xerais habituais para pleitos e coas seguintes facultades especiais:

Interpoñer os recursos extraordinarios de casación e revisión. Desistir de calquera recurso, incluso os de casación e revisión. Promover a recusación de señores xuíces e maxistrados.

Celebrar actos de conciliación, con avenencia ou sin ela, en canto impliquen actos dispositivos. Transixir; someter a arbitraje as cuestións controvertidas u outras xurdidas despois. Outorgar ratificacións persoais non nome da parte poderdante; renunciar ou recoñer dereitos; allanarse; renunciar á acción de dereito discutida ou a acción procesal, ou desistir delas; aceptar e rexeitar as proposicións do deudo; así como realizar manifestación que poidan comportar sobreseimento do proceso por satisfacción extraprocesal ou carencia sobrevenida de obxecto.

Promover e persoarse nos procedementos de quita e espera, concurso de acreedores, e seguilos ata a súa conclusión, e, especialmente, intervir con voz e voto na Xunta de Acreedores e para a aprobación do Convenio de que se trate, nombrar Síndicos e administradores, interventores e membros de Tribunais colexiados. Recoñecer a graduar créditos, cobrar estes e impugnar os actos e acordos, aceptar cargos e designar vocais de organismos de conciliación. Percibir cantidades, indemnizatorias ou no, resultantes de decisións xudiciais favorables á parte poderdante, xa figuren ou no, resultantes de decisións xudiciais favorables á parte poderdante, xa figuren o nome do poderdante ou apoderado.

Instar a autorización de actas notariais, de presenza, requirimento, notificación, referencia, protocolización, declaración de herederos abintestato ou outras de notariado, remisión de documentos, exhibición, depósito voluntario ou calesquera outras, incluída a intervención en subastas de todo tipo, xudiciais ou notariais.

Conforme á Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil, ós efectos específicos da comparecencia e posible arreglo e solución ó conflito, renuncia, trasacción ou allanamiento previstos no seu artigo 414.2, poder efectuar os memos, con independencia do tipo de procedemento de que se trate, e das súas circunstancias concretas de identificación procesal. Substituír o presente poder a favor de señores procuradores e avogados, e solicitar as copias que se precisen deste poder.

E calquera outra facultade, non enumerada anteriormente, das comprendidas nos artigos 25 e 414.2 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil, incluídas as facultades comprendidas no artigo 590 da mesma norma legal.

Terceiro : Comunicar esta designación ós referidos avogados e a vez facilitar cantos antecedentes sexan necesarios para os fins da defensa indicados.

Os membros da Xunta de Goberno Local ciase por enterada.

## **12. BOLSA AXUDA A DOMICILIO.-**

O señor alcalde da conta do informe sobre a necesidade de persoal para o departamento do servizo de axuda no fogar realizado pola Traballadora Social e polo Técnico de emprego.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por enterados.

## **13. SOLICITUDE DE AXUDA A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS COMUNITARIOS MUNICIPAIS.-**

Acordos adoptados:

1º Solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99 / 2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2º Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral é de 120.362,60€, co seguinte detalle:

- Persoal: 15.013,00€
- Mantemento: 600,00€
- Axuda no Fogar:
  - Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00€
  - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 94.749,60€
- Xestión de programas: 10.000,00€
- Investimento: 0,00€

Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

3º Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de

183.845,04 €, que supón unha porcentaxe do 60,43% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

#### **14. APROBACIÓN DE FACTURAS.-**

Acordos adoptados:

| Aplicación     | Nombre Ter.                     | Importe Lí | Factura    |
|----------------|---------------------------------|------------|------------|
| 2016.454.21000 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 7.586,49€  | F/2016/327 |
| 2016.454.21000 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 3.811,5€   | F/2016/328 |
| 2016.454.21000 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 6.735,99€  | F/2016/326 |

#### **15. CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA ANUALIDADE 2016.-**

Acordos adoptados:

1. Presentar a solicitude de convocatoria do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia da Coruña anualidade 2016, para a contratación de 2 socorristas, senda o importe solicitado de 6.500,00€.
2. Que este Concello ten aprobada a Conta Xeral do ano 2014, última legalmente esixible, e presentada ante os órganos de control externo.
3. Que este concello está ao corrente das súas abrigas coa facenda pública, coa Deputación da Coruña e coa Tesourería da Seguridade Social.
4. Que este entidade autoriza á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade esta ao corrente nas súas abrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as abrigas e ordear os pagamentos das subvencións.
5. Esta entidade consente que os datos deste expediente queden incorporados ao Rexistro Público de subvencións e aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas de subvencións financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web. O órgano responsable do ficheiro é a Deputación Provincial da Coruña e o enderezo onde o interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición é a Avda. Alférez Provisional nº 2 15006 A Coruña, todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.
6. Este concello autoriza á Deputación a que aplique a compensación para o cobramento de sancións salvo que se formule oposición as mesmas por parte da entidade sancionada ata que se resolva o recurso.
7. Este concello cumpre todos os requisitos exixidos a os solicitantes nas bases reguladoras da convocatoria de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e nas bases específicas

da presente convocatoria, e no caso de resultar beneficiario da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as abrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requerido pola Deputación.

#### **16. ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.